

PROPOSTA DE ACORDO

Como Alcalde de Pontevedra teño a honra de someter a acordo do Pleno da corporación o seguinte paquete de medidas contra o paro, en aras de colaborar, dentro das limitadas capacidades e competencias do Concello, a loitar contra este problema que afecta a parte moi importante da nosa sociedade:

- 1.- Manter a política de conxelación e moderación das retribucións dos altos cargos do concello.
- 2.- Manter a política de recorte e contención do gasto corrente do concello.
- 3.- Manter a política de contención e rebaixa dos impostos, taxas e prezos públicos municipais, ~~segundo a situación nos postos máis baixos do ranking de concellos.~~
- 4.- Impulsar o investimento público en obras acordado no Pleno deste concello, tanto as directamente municipais como as inducidas pola actividade do concello.
- 5.- Impulsar as políticas activas de emprego e inserción laboral na parte na que lle corresponde ao concello.
- 6.- Dirixirse ao Ministerio de Fomento en demanda de axilización dos investimentos en marcha neste concello: AVE, A-57, Nó do Pino, N-550, N-541, desdoblamento da estrada de Vigo.
- 7.- Dirixirse a Xunta de Galiza para manifestar a nosa máis enérxica protesta pola paralización de investimentos en Pontevedra: Hospital Montecelo, Estrada de Pontecaldelas, Estrada de Vilagarcía, mellora do Castañal e Salgueiriños, mellora de Monteporreiro, saneamento e instándoa a que manteña os compromisos e axilice a súa execución.
- 8.- Dirixirse á Deputación Provincial esixíndolle que dote a Pontevedra da parte que lle corresponde no Plano antiejetise provincial e que o execute a maior brevidade posíbel (xa debería estar no 2009).
- 9.- Dirixirse á Xunta de Galiza instándoa a que retire o Plano de Ordenación do Litoral para despexar o horizonte de ducias de empresas de Pontevedra que ven o seu futuro comprometido pola afección aos seus locais de actividade de xeito irracional e inxusto.

10.- Dirixirxe á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado, como Administracións competentes, para que adopten e impulsen as medidas necesarias para reducir o paro e xenerar emprego.

Pontevedra, 19 de Febreiro do 2010